

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE TOMIÑO PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DENOMINADA “PROXECTO “ESPAZO ISAURA GÓMEZ””, NO MARCO DO PROGRAMA PROVINCIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS SINGULARES PARA A RECUPERACIÓN POST-COVID-19. PROGRAMA REACPON (REACCIONA PONTEVEDRA PROVINCIA)

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE TOMIÑO PARA A EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN DENOMINADA "PROXECTO "ESPAZO ISAURA GÓMEZ"", NO MARCO DO PROGRAMA PROVINCIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS SINGULARES PARA A RECUPERACIÓN POST-COVID-19. PROGRAMA REACPON (REACCIONA PONTEVEDRA PROVINCIA)

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha parte, D.^a María del Carmen Silva Rego, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como presidenta deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), e o artigo 105 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA).

Doutra parte, D.^a Sandra González Álvarez, quen actúa no nome e na representación do Concello de Tomiño, en virtude da súa condición de alcaldesa-presidenta da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 21 da LRBRL, no artigo 61.1 da LALGA e no artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Actúa D. Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN

I. Que ambas institucións comparten como principio común que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas e, polo tanto, partícipes fundamentais nos eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadanía poidan acadar os mesmos dereitos e servizos.

II. Que o artigo 36.1.d) da LRBRL, atribúe ás deputacións competencia en materia da cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. Así mesmo, o artigo



109.1.b) da LALGA, atribúe como competencia propia a prestación da asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente aos que teñan menor capacidade económica e de xestión. A estes efectos, segundo o artigo 114.c) da mesma lei, a asistencia económica poderá revestir a forma de subvencións.

III. Que a actuación obxecto deste convenio encádrase dentro das competencias asumidas polos concellos ao abeiro dos artigos 25 da LRBRL e 80 da LALGA.

IV. Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, 57 da LRBRL e 198 e seguintes da LALGA.

V. Que a estratexia provincial de transformación da Deputación realiza unha clara aposta por un crecemento sólido e inclusivo e para iso é necesario realizar accións xeradoras de cohesión territorial.

Para abordar os retos do futuro necesítanse concellos con infraestruturas, espazos e equipamentos que contribúan a prestar servizos de calidade e inclusivos.

A tal efecto desenvólvese por parte da Deputación o programa REACPON (Reacciona Pontevedra Provincia), con carácter de instrumento para cooperar coas entidades locais da provincia, e creado como unha modalidade de asistencia económica aos concellos, segundo as necesidades municipais solicitadas.

VI. Que para permitirlles aos concellos a transformación necesaria para afrontar os tempos que veñen, tendo en conta a singular forma histórica de ocupar o territorio da poboación da provincia e sendo por iso un alicerce básico a necesaria cohesión territorial, a Deputación aprobou as Bases reguladoras do Programa REACPON (Reacciona Pontevedra Provincia) mediante o acordo plenario núm. 7.7624, adoptado na sesión ordinaria de 28 de maio de 2021, publicadas no BOPPO núm. 102, do 1 de xuño de 2021, e modificadas parcialmente mediante o acordo plenario núm. 8.7706, adoptado na sesión ordinaria de 26 de novembro de 2021, publicadas no BOPPO núm. 230, do 27 de novembro de 2021.

VII. Que ao abeiro de dita convocatoria, mediante o acordo plenario núm. 4.7719 adoptado na sesión extraordinaria do 17 de decembro de 2021, concedeuse unha subvención, polo procedemento de concorrencia competitiva, ao Concello de Tomiño, con destino ao financiamento do investimento "PROXECTO "ESPAZO ISAURA GÓMEZ"".

Segundo a base sétima, apartado 2.h) das Bases reguladoras, tras a resolución definitiva asinarase un convenio cos concellos beneficiarios, no que se definirán as actuacións obxecto de subvención, e estableceranse de maneira pormenorizada os seus deberes.



VIII. Que a execución do investimento referido, resulta do interese de ambas administracións, polo que, de acordo coas precedentes consideracións e para o desenvolvemento da colaboración entre ambas institucións, acordan aprobar o presente convenio de colaboración no marco do Programa REACPON, que asinan agora os aquí comparecentes, con arranxo ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

É obxecto deste convenio establecer e concretar o réxime de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Tomiño para levar a cabo a execución do investimento "PROXECTO "ESPAZO ISAURA GÓMEZ"" no marco do citado Programa REACPON.

SEGUNDA. FINANCIAMENTO

O custo total da actuación ascende a un millón setecentos corenta mil cincocentos oitenta e seis euros con once céntimos (1.740.586,11€).

Deste importe, a Deputación financiará unha contía máxima dun millón cento oito mil catrocentos vinte e tres euros con cinco céntimos (1.108.423,05€), que supón unha porcentaxe total sobre o orzamento do 63,68%, que se imputarán contra a aplicación orzamentaria 2022/942.9420.762.75.2021 do vixente orzamento provincial.

Pola súa banda, o Concello achegará a cantidade restante ata completar o orzamento, o que supón unha contía de seiscientos trinta e dous mil cento sesenta e tres euros con seis céntimos (632.163,06€) e unha porcentaxe de cofinanciamento do 36,32%, que será financiada contra a correspondente aplicación do orzamento do concello ou con outro tipo de axudas que a entidade local poida obter.

TERCEIRA. EXECUCIÓN

1º. O persoal encargado da dirección das obras será nomeado pola entidade local contratante, debendo dárselle conta á Deputación unha vez producida a dita designación. Calquera cambio na dirección técnica seralle igualmente comunicado á institución provincial no momento no que teña lugar.

2º. Formalizado o contrato de obras para a execución do correspondente proxecto, remitirase copia do mesmo á Deputación e comunicarse a esta a data e hora en que terá lugar a comprobación do replanteo, á que asistirá, de consideralo procedente a Deputación, un/ha facultativo/a técnico/a ou representante desta. A copia da acta que se levante seralle remitida á Deputación coa primeira certificación de obra que expida a dirección da mesma, xunto coa fotografía do cartel de obra que acredite a difusión dada ao financiamento outorgado pola Deputación, que será colocado no momento da sinatura da devandita acta.

En todo caso, o investimento deberá estar executado na súa totalidade o 30 de abril de 2023.



3º. O Concello comunicará á Deputación a data e hora en que terá lugar, ao remate das obras, o acto de recepción destas, ao que asistirá, de consideralo procedente a Corporación provincial, un/ha representante ou facultativo/a desta. A administración municipal remitirá á provincial copia da acta do dito acto de recepción e certificación da resolución do órgano competente aprobatoria da certificación final das mesmas.

4º. Formalizado/s, no seu caso, o contrato, e/ou contratos dos servizos complementarios ás obras (asistencias técnicas á dirección de obra, control de calidade e coordinación de seguridade e saúde), remitirase copia dos mesmos á Deputación.

5º. A Deputación poderá inspeccionar a execución das obras obxecto do presente convenio e as actuacións realizadas cando o teña por convinte, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e aos responsables dos respectivos contratos a emisión das ordes e instrucións que procedan.

CUARTA. XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN E PAGAMENTO

O Concello asume a licitación, dirección, execución e recepción das obras recollidas no correspondente proxecto técnico descritivo das actuacións, e a súa xustificación perante a Deputación.

De conformidade coa base décimo sexta o investimento deberá estar executado na súa totalidade o 30 de abril de 2023. Así mesmo, deberán xustificarse no prazo de cinco meses desde a súa finalización (marcada pola data máxima da certificación final ordinaria), sen exceder, en todo caso, o 30 de setembro de 2023. O incumprimento destes prazos dará lugar ao inicio do expediente de perda do dereito a cobrar total ou parcialmente a subvención.

Segundo a base décimo novena, o investimento deberá estar executado nas datas indicadas anteriormente, e deberá xustificarse no citado prazo. O pago ao concello do importe da subvención realizarase á vista das certificacións de execución das obras ou facturas aprobadas polo órgano municipal competente. O concello poderá presentar xustificacións parciais que se axusten ao ritmo de execución do investimento.

As certificacións ou facturas (que se deberán presentar na sede electrónica da Deputación (<https://sede.depo.gal>), a través do modelo “instancia xenérica”) acompañaranse da seguinte documentación:

- A primeira certificación ou factura acompañarase de:
 - Replanteo do proxecto, acta de replanteo previo (anexo V das Bases) (no caso de non presentarse con anterioridade)
 - O acordo do órgano competente do concello no que se aprobe o proxecto técnico do investimento incluído no plan (no caso de non presentarse)
 - Acreditación da concesión das autorizacións sectoriais, licenzas ou permisos pertinentes (no caso de non presentarse)
 - A certificación do acordo ou da resolución de adxudicación do contrato e da aprobación do expediente de contratación (no caso de non presentarse)



- O contrato
 - O nomeamento da directora ou director técnico, se é o caso
 - A acta de comprobación de replanteo, no caso de que sexa necesaria
 - O acordo municipal de aprobación da certificación de obra e da factura correspondente
 - A acreditación da publicidade dada ao financiamento obtido da Deputación, mediante fotografías do cartel de obra
- As certificacións seguintes acompañaranse do acordo municipal de aprobación da/s certificación/s correspondente/s coas súas facturas e do informe do director facultativo, se fose necesario.
- Coa última certificación chegarase:
- O acordo municipal de aprobación da certificación de obra e a súa factura
 - A acta de recepción, cuberta de acordo co disposto na normativa de contratos
 - Unha nova acreditación da publicidade dada ao financiamento obtido da Deputación, mediante fotografías do cartel de obra
 - Unha certificación da funcionaria ou funcionario público competente do conxunto de axudas concedidas por esta Deputación, por outras administracións públicas ou achegas de particulares para a mesma finalidade
 - Un informe de fin de obra da dirección facultativa, independentemente de que haxa ou non variación na execución, ou certificación con respecto ao proxecto presentado. Neste explicaranse e xustificaranse as variacións e toda incidencia que deba ser resaltada.

No caso de actuacións de tipo 1 e 2 expresará, ademais, se o edificio foi executado de acordo co establecido no proxecto de execución e, en consecuencia, alcanza a cualificación indicada no certificado de eficiencia enerxética do proxecto

- Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación dos investimentos ou que se considere necesaria para a comprobación da súa correcta execución
- Certificación enerxética do edificio terminado, subscrita pola persoa técnica competente e rexistrada no órgano competente da comunidade autónoma, logo da execución da actuación, de acordo co Procedemento básico para a certificación da eficiencia enerxética dos edificios, mediante a utilización dalgún dos programas informáticos oficiais recoñecidos, regulados polo Real decreto 235/2013, do 5 de abril, xunto coa correspondente etiqueta de cualificación enerxética do edificio terminado, incluídos no Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Xunta de Galicia, se procede
- Documento xustificativo do grao de cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible das Nacións Unidas (ODS) da Axenda 2030 e, en



especial, dos relacionados co Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, de conformidade co disposto no proxecto e a memoria presentada ao respecto, subscrito pola persoa técnica competente.

As certificacións de obra, facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto, e o resto da documentación xustificativa, serán verificadas polos servizos técnicos provinciais. As actuacións realizadas estarán sometidas á comprobación explícita da execución da obra por parte dos servizos técnicos da Deputación Provincial.

A comprobación material do investimento que se define no parágrafo anterior é un requisito imprescindible do que debe quedar constancia no expediente xustificativo.

Unha vez realizada a comprobación formal e material definida nos parágrafos anteriores, a documentación xustificativa acreditativa do gasto será fiscalizada pola Intervención provincial antes de ser aprobada e pagada.

A non xustificación ou a xustificación fóra de prazo dará lugar ao inicio do expediente de perda, total ou parcial, do dereito de cobro da subvención correspondente.

QUINTA. MODIFICACIÓN DO CONVENIO

Non se permitirán aquelas modificacións do convenio que contraveñan o disposto nas Bases reguladoras e na normativa que lle sexa de aplicación.

O Concello deberá remitir á Deputación a solicitude xustificada de modificación do convenio de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación suficiente á finalización do prazo de execución concedido.

A Deputación analizará a viabilidade da modificación e autorizará, no seu caso, a sinatura da addenda, previa instrución do correspondente expediente. O Concello deberá remitir a documentación técnica e administrativa que a Deputación lle requira para a tramitación da modificación. Unha vez autorizada e aprobada a modificación por ambas partes, firmarse a correspondente addenda.

A modificación non poderá afectar en ningún caso ao importe máximo da achega da Deputación.

SEXTA. MODIFICACIÓN DOS CONTRATOS

Se durante a execución da obra xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Tras a aprobación polo concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.

As modificacións financiaranse co importe das baixas que se produzan no proceso de adxudicación dos contratos. O importe das baixas aplicaráselle proporcionalmente a cada Administración, de maneira que se siga respectando a porcentaxe mínima de cofinanciamento asignado ao concello en función da tipoloxía de actuación e da poboación. No caso de non existir ou de ser o importe da modificación superior ao



importe da baixa, financiarase coa achega do concello ou coas doutros entes públicos.

Tamén se poderán financiar co importe das baixas de adxudicación, ademais de con achegas do concello ou doutros entes públicos, os excesos de medicións acordes á lexislación de contratos.

Non se autorizará o reinvestimento de baixas nin para o mesmo proxecto nin para actuacións complementarias, excepto polo disposto nos dous parágrafos anteriores. Con todo, no caso de existir importes sobrantes, estes reverterán a cada Administración na mesma proporción en que sexan cofinanciados, se ben, cando a parte cofinanciada polo concello proceda do Plan Concellos ou algún outro plan ou programa de axudas ou subvencións da Deputación, unicamente se permitirá o reinvestimento noutras actuacións cando o importe sobranse que lle corresponda sexa igual ou superior a vinte mil euros (20.000,00€), para o cal se deberá tramitar un novo expediente para a súa concesión como subvención nominativa, sen prexuízo da suxeición á normativa aplicable que volverá a rexer os fondos segundo o plan ou programa do que proveñan.

En todo caso, deberán respectarse as porcentaxes de cofinanciamento asignadas para cada tipoloxía de actuación en función da poboación do concello.

A revisión de prezos, cando supoñan un incremento dos custos, correrá a cargo do concello.

En calquera caso, o réxime de modificación acomodarse ao disposto na normativa aplicable en materia de contratación do sector público e nas Bases reguladoras.

SÉTIMA. COMPROMISOS DAS PARTES

O Concello, de conformidade co disposto nas Bases, obrígase a:

- Financiar a realización das obras, segundo a distribución disposta na cláusula segunda.
- Contratar, licitar, executar, controlar e recibir a obra consonte ao correspondente proxecto técnico.
- Contratar, de ser o caso, os servizos complementarios ás obras (asistencias técnicas á dirección de obra, control de calidade e coordinación de seguridade e saúde).
- Remitir, unha vez formalizados os contratos correspondentes, unha copia destes á Deputación Provincial.
- Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- Dar a adecuada publicidade a este convenio e ao financiamento por parte da Deputación para a actuación subvencionada, de conformidade coas obrigas en materia de publicidade recollidas nas Bases reguladoras.
- Realizar as actuacións que fundamentan a concesión das subvencións nos prazos sinalados nas citadas Bases.



- Levar a cabo o mantemento e conservación dos bens obxecto do convenio, tendo a asunción da dita responsabilidade desde o día seguinte ao da formalización da acta de recepción de obras coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas.
- Destinar o importe das subvencións outorgadas ao cumprimento total das finalidades que fundamentan a concesión das subvencións.
- Comunicar á Deputación, de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado, estatais ou internacionais, con expresión da súa contía.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que determine a Deputación de Pontevedra, achegando canta información lles sexa requirida no prazo que estableza a institución provincial.
- Calquera outra obriga disposta polas Bases reguladoras, no presente convenio ou pola normativa vixente aplicable.
- Cumprir coas obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén lle será de aplicación o recollido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e no seu Regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Pola súa banda, a Deputación comprométese a:

- Financiar a realización das obras, achegando como máximo a contía establecida na cláusula segunda, unha vez cumpridas todas as obrigas xustificativas contidas neste convenio.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e da Resolución Presidencial núm. 2017008767 de 8 de maio de 2017.

OITAVA. PUBLICIDADE

Segundo a base décimo oitava, o concello deberá darlle a adecuada publicidade ao financiamento por parte da Deputación para a actuación subvencionada. Para estes efectos deberá:

- Facer constar en todas as accións de comunicación ou publicidade o apoio dado pola Deputación
- Acreditar a publicidade desde o inicio da obra, indicando as accións de comunicación realizadas, as fotos e demais documentación que se considere necesaria



- Incluir no prego de cláusulas ou na documentación que rexe a contratación unha cláusula na que conste a obriga da ou do contratista de poñer, desde o inicio das obras ata a súa total terminación e comprobación material por parte da Deputación, un cartel informativo que indique que se trata dunha obra subvencionada pola institución provincial
- Facerse cargo económica e fisicamente dos carteis das obras que se realicen e da súa retirada tras a finalización do prazo de garantía ou, en todo caso, despois da comprobación material realizada pola Deputación. O cartel colocarse nun lugar suficientemente visible

Os modelos normalizados dos carteis e outras formas de publicidade que deben incluírse nos investimentos atópanse en www.depo.gal.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións.

A tales efectos e para garantir o dereito da cidadanía a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír ós principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da LXS.

NOVENA. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS

A achega económica prevista no presente convenio, que ten carácter de subvención, será compatible con outras axudas públicas ou achegas de particulares para a mesma finalidade, outorgadas por esta Deputación ou por outras administracións públicas, sempre que o importe das mesmas sexa de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, non supere o custo da actuación subvencionada.

De conformidade co disposto no artigo 14.1.d da citada LXS e no artigo 33 do seu Regulamento, unha das obrigas dos beneficiarios é a de comunicarlle á Deputación a obtención doutras subvencións ou axudas que financien as finalidades subvencionadas.

A obtención de subvencións doutras Administracións ou de achegas de particulares, suporá a diminución das achegas do Concello e da Deputación na mesma proporción á que represente a porcentaxe de financiamento asumida por estas.

DÉCIMA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e control do cumprimento deste convenio, e tamén para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha Comisión de Seguimento da que forman parte o deputado-delegado de Cooperación Municipal da Deputación, quen ostentará a presidencia da Comisión, e a alcaldesa-presidenta do Concello, ou as



persoas nas que deleguen, e polo menos un funcionario ou técnico de cada administración.

Corresponderá á Comisión de Seguimento:

- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución dos contratos a que este convenio se refire.
- A coordinación entre as administracións asinantes na execución e financiamento do convenio, ditando ao efecto as instrucións oportunas.
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten de ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.
- A emisión de informe en relación coa necesidade do reaxuste das achegas económicas do convenio e en relación con cantas incidencias se produzan na execución dos contratos a que este se refire.
- A formulación das propostas que procedan en relación ás cuestións a que os seus informes se refiran.

Esta comisión reunirse cando o estime convinte o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións celebraranse no lugar que de común acordo dispoñan as partes. Na súa reunión constituínte designarase ao responsable da mesma e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións.

DÉCIMA PRIMEIRA. VIXENCIA

O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución das actuacións a que o mesmo se refire e a súa xustificación. En todo caso as actuacións deberán estar executadas na súa totalidade a 30 de abril de 2023. Así mesmo, deberán xustificarse no prazo de cinco meses desde a súa finalización, sen exceder en todo caso o 30 de setembro de 2023.

DÉCIMA SEGUNDA. EXTINCIÓN

O convenio extinguirse polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.
- O acordo unánime dos asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Polo incumprimento das condicións de concesión da subvención ou de outras recollidas nas Bases reguladoras do Programa REACPON.



- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMA TERCEIRA. PERDA DO DEREITO A COBRO E/OU REINTEGRO

Segundo a Base vixésimo primeira, procederase ao reintegro e/ou perda do dereito de cobro, total ou parcial, das subvencións outorgadas, de conformidade coas Bases, nos termos fixados na normativa de subvencións e, de modo particular, nos artigos 36 e seguintes da LXS.

Serán causas específicas de perda do dereito de cobro ou reintegro, total ou parcial, das subvencións outorgadas, ademais das xerais, as seguintes:

- O incumprimento da normativa de contratos
- O incumprimento das porcentaxes sinaladas no proxecto ou documento aparte para valorar a contribución a unha economía descarbonizada
- O incumprimento dos obxectivos fixados no proxecto e a memoria para valorar a contribución á consecución dos ODS da Axenda 2030 e as políticas panca do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia

DÉCIMA CUARTA. LEXISLACIÓN APLICABLE E XURISDICIÓN COMPETENTE

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese polas cláusulas establecidas nel; pola LXS, e polo RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento que a desenvolve; pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e polas restantes normas de dereito administrativo; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; as bases de execución dos orzamentos das Administracións asinantes; a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación; e polas restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, polas normas de dereito privado

Así mesmo, a falta de entendemento previo pola Comisión de Seguimento, as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución das posibles controversias que puidera suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

E, como proba de conformidade, as partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura electrónica.

A presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, D.^a María del Carmen Silva Rego

A alcaldesa-presidenta do Concello de Tomiño, D.^a Sandra González Álvarez

O secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, D. Carlos Cuadrado Romay

